

MEMORIA DE PROXECTO

Título do proxecto

O meu libro 2022.

Obxectivo

Captación de novos públicos para a literatura galega mediante o desenvolvemente dunha serie de actividades.

Antecedentes e o por que

Un 61,9% dos cidadáns de Galicia leu algún libro por lecer en 2021. O dato mellora o do 2020 (61,6%) e o do 2019 (59,6%).

Máis da metade da poboación le con frecuencia semanal, segundo o Barómetro de Hábitos de Lectura da Federación de Editores, pero porcentaxe é inferior á media do estado español, situada no 64,4%.

En Galicia editáronse en 2019, 2.213 títulos, o 40,4% deles en lingua galega. O idioma propio de Galicia tamén está en regresión no campo editorial. No ano 2007, publicáronse 2364 títulos, pero daquela o 62,27% era en galego. En 2016, era o 50% en galego segundo o Consello da Cultura Galega.

Todas as enquisas coinciden tamén en apuntar o descenso do número de falantes do galego na última década. Estes datos obrigan ás institucións a políticas proactivas de promoción da lingua propia.

O retroceso do idioma galego no campo da literatura fai máis urxente o compromiso das institucións para promocionar a lectura e a visibilidade da nosa literatura. Precisamos captar novos públicos e hai que saír a buscalos coas ferramentas máis eficaces. Hai moito marxe de mellora, se se mira polo lado positivo.

O esluimento dos límites tradicionais entre as formas de cultura conducen a unha contemporaneidade caracterizada polo híbrido, por un sistema dinámico e global.

Proxectos realizados con anterioridade

Temos xa realizado nestes últimos tempos a adaptación ao podcast das tres primeiras novelas de Antonio Tizón: *A antesala luminosa*, *Un home estraño* e *Os incurabeis*.

Forman parte dunha **pentalexía** (con outras dúas novelas pendentes de publicación) nas que o autor aborda, ademais de outras cuestións sociais e existenciais, a temática catalizadora da **enfermedade mental**, dende distintas perspectivas e en clave de xénero negro, algo inédito na literatura galega e nas da contorna. As novelas negras de Tizón son ás únicas en Galicia que contan con **adaptación** radiofónica en formato **podcast**.

MEMORIA DE PROXECTO

Intencionalidade

Prestaremos especial atención ao deseño sonoro dos podcast. A nosa experiencia e coñecemento o proxecto multimedia poderá escoitarse en **radiofusion.gal** e tamén en plataformas como **Spotify** e **iVoox**.

Consolidaremos un proxecto que se distingue pola **innovación** e pola adaptación ás novas narrativas. Divulgaremos as iniciativas a través do papel, do dixital, da radio tradicional en Frecuencia Modulada, do podcast e do audiovisual.


Continuaremos utilizando as **redes sociais** (Facebook, Twitter, Instagram, Whatsapp) para chegar a novos públicos, máis alá da poboación lectora. Temos na actualidade 19.500 seguidores nos 7 perfís que xestionamos e queremos chegar antes de finais de ano a 23.000 seguidores.

INICIATIVAS 2022

1 Maria Casares. Eu son do océano. Novela gráfica e podcast.

Coincidindo co centenario do nacemento da nomeada actriz, produciremos dúas iniciativas que coinciden no interese divulgativo dunha traxectoria de éxito no teatro de Francia e de Europa, dunha muller, nacida en Galicia, a quen o golpe de estado de 1936 obrigou a exiliarse, pero que sempre reivindicou a súa condición de galega.

As lembranzas e o exemplo de María Casares nutrirán tanto unha **novela gráfica** (con texto de María Xesús Arias e ilustracións de Carlos Sardiña) como un **podcast** (con guión de Puri Seixido, dirección de Eugenia Sanmartín e con participación do actor Rogelio Arias e das actrices Cristina Moreira, Cristina Mariño, Helga Méndez e Eugenia Sanmartín).



MEMORIA DE PROXECTO

2 Clube de lectura. Podcast.

Xa ten unha traxectoria recoñecida no mundo editorial e literario. Polo clube de lectura de Radiofusión pasaron **200 escritores e escritoras** para falar dos seus libros, dos problemas e realidades da literatura galega.

Neste último ano de 2021, pasaron polos estudos de radio onde gravamos o clube, Llerena Perozo, Marcos Calveiro, Amanda Plaza, Pepa Alvarez, Miguel Rodriguez, Jorge Gómez, Clara Vila-Amado, Antón Baamonde, Xulia Feixóo, Raquel Vila, Xoán Rubia, Diego Ameixeiras, Anxos García, Glafira Fernández, Héctor Carré, Xoaquín Fernández Leiceaga, Xosé Luís Vázquez Somoza, Arantxa Portabales, Charo Pita, Andrea Maceiras, María Rei Vilas, Eva Veiga, Antonio M.Fraga, Rafael Catoira, Angeles Goás, Leandro Lamas, Xavier Quiroga, Manuel Bragado, Daniel Puente, Xosé Manuel Pereiro, Francisco J.Leira, Xosé Iglesias, Xavier Seoane, Antonio Reigosa, Rexina Vega, Manuel Gago, Marilar Aleixandre, María López Sández, Xosé Luís Axeitos, Aurora Marco, Daniel Salgado, Carlos Negro, Xosé Ramón Freixeiro, Henrique Rivadulla “Corcón”, Elvira Ribeiro, Olga Novo, Felipe Barata e Berta Dávila.

Poesía, narrativa, teatro, diferentes editoriais, autores e autoras novos e con experiencia, déronse cita nuns podcast que se poden escoitar na actualidade por calquera persoa interesada desde calquera parte do mundo. Coordinan o programa o xornalista e historiador Henrique Sanfiz e o escritor Antonio Tizón.

3 Lobos doentes. Podcast e roteiros.

Adaptación para o podcast da novela de Antonio Tizón que publicará Edicións Xerais no último trimestre deste ano. **82 capítulos de 10 minutos** de duración cada un.

O autor profundiza nesa confusión que se da tan a miúdo entre a loucura e a maldade. Incorpora novas cuestións como o carácter patolóxico de determinadas tendencias sexuais. A obra é tamén unha homenaxe a Rosalía de Castro. O título está extraído do seu poema *A xustiza pola mán* para ilustrar o tema da vinganza. Transcorre en lugares emblemáticos da **Coruña**, tanto na Cidade Vella (Praza da Fariña, Xardíns de San Carlos, Museo Militar, Fundación Luis Seoane) como no barrio dos Castros.

Na serie de novelas de Antonio Tizón, o escritor trata con rigurosidade o tema das doenzas mentais, tal e como teñen recoñecido publicamente distintos psiquiatras. A OMS advirte que:

“O estigma, particularmente en torno aos trastornos mentais e o suicidio, disuade de buscar axuda a moitas persoas que pensan en quitarse a vida ou trataron de facelo e, polo tanto, non reciben a axuda que precisan”.

Levar con **rigor** o tema das doenzas mentais á literatura axuda a que o tema entre na **axenda social** e política e se destinen máis recursos ás medidas específicas de prevención e coidados desde a sanidade pública. E facelo en galego, conleva gañar novos **espazos de interese para a nosa literatura**.

MEMORIA DE PROXECTO

4 *Encanta se ri, conmove se chora. Caderno de lectura.*

A obra de Rosalía de Castro é unha obra que perdura, que conecta cos problemas contemporáneos e por iso chega á sociedade galega na actualidade.

É unha muller botada para adiante, moi rompedora na súa época que defende á **muller** e á **cultura galega**. Anxos García Fonte e Glafira Fernández- Campoamor redactarán a publicación *Encanta se ri,, conmove se chora* coa pretensión de servir de **apoio a profesoras e profesores** para que poidan utilizala como ferramenta para achegar á escritora aos alumnos e alumnas.

Rosalía ten moito que dicirnos e moitos valores que son perfectamente válidos para o mundo que nos tocou vivir.

5 *Sons de nós. Música galega e en galego. Podcast.*

A música galega vive un bo momento grazas ao “efecto Tanxugueiras”. Este grupo soubo poñer en valor a tradición, dándolle unha visión contemporánea. Pero a xente da música en Galicia xa tiña un grande eco social desde hai tempo. Os seus concertos de verán enchense de público mozo e non tan mozo.

Pero esa conexión, por desgraza non ten tradución nas emisoras de radio e moi escasamente no mundo dos podcast. Por ese motivo, lanzamos o podcast *Sons de nós*, unha **lista de éxitos que elaboramos diariamente con 14 temas feitos en lingua galega**.

Recollemos todos os estilos musicais co nexo común da utilización do idioma propio. Na actualidade conduce o programa Tatty Lavandeira. Igualmente pode escoitarse por calquera persoa interesada en calquera momento desde calquera parte do mundo a través da web www.radiofusion.gal.

